

## As propostas do BNG, transforman Ribeira



O BNG ten traballado moito para transformar Ribeira e a calidade de vida da veciñanza. **O proceso de peonalización posto en marcha ten unha fonda pegada do Bloque** e cremos que é unha aposta de futuro, beneficioso para as persoas e para o comercio local. As zonas peonís teñen máis dinamismo e tránsito, maior calidade de vida ao crearse grandes espazos para uso e disfrute da veciñanza e mellora da saúde ao promover os desprazamentos a pé e en bicicleta. Indirectamente tamén contribuímos a mellorar a calidade ambiental e reducimos a contaminación producida polos vehículos.

**O BNG propón aumentar o número de aparcadoiros gratuítos** que faciliten o estacionamento. Neste sentido a nosa aposta é a recuperación do aparcadoiro do Centenario para que sexa público e con tarifas reducidas.

É evidente que este proceso non se tería iniciado sen a insistencia e traballo desenvolvido polo Bloque. Queremos transformar Ribeira para camiñar cara a unha vila máis sostíbel, tranquila e onde as persoas sexan as protagonistas.

## Fronte un goberno prepotente e que non escoita...

O equipo presidido por Manuel Ruiz volta comportarse de maneira prepotente e volve reiterar erros pasados como son, non escoitar a veciñanza e non dialogar con ninguén os proxectos que quere levar adiante. A mostra disto é a falta de consenso en proxectos clave para Ribeira e as parroquias. O goberno do PP non escoita as demandas sociais e pretende gobernar sen consenso.

Outro dos problemas que padecemos son os **bandazos do PP** para destinar os máis de 6 millóns de € do Plan +RibeiraAtlántica. Actualmente este proxecto está paralizado e non se sabe que actuacións se pretenden realizar. Manuel Ruiz nin fai nin deixa facer, non sabe que facer con eses cartos mais tampouco atende a propostas que se lle fan por parte do BNG.

## ...está o BNG: participativo, transparente con experiencia e saber facer

As persoas que conforman o BNG son persoas coma ti, cos seus empregos e que dedican o seu tempo libre a facer traballo político por Ribeira e por Galiza.

Sabemos que a nosa condición de forza maioritaria despois do PP, conleva a responsabilidade de ofrecer unha alternativa seria e de cambio. Queremos seguir mellorando o traballo que facemos día a día, por iso, con este boletín pretendemos achegarvos información dalgunhas das cousas que facemos para que as valores.

Se desexas, igual ca nós, mellorar Ribeira e as súas parroquias, animámosche a que participes co BNG.

Entre tod@s construíremos a Ribeira que soñamos.



## Coñécenos: algunhas medidas que propoñ o BNG para Ribeira e as parroquias

### Goberno do PP = falta de mantemento e de limpeza

O goberno do PP carece de proxecto para o noso concello e existe unha importante falta de mantemento das instalacións públicas. O estilo do PP é facer novas instalacións que logo non mantén en boas condicións. Desde o BNG temos denunciado en múltiples ocasións parques esnaquizados, equipamentos deportivos con goteiras, paseos marítimos impracticábeis, estradas moi deterioradas, etc.



O Bloque ten como prioridade manter as instalacións que existen en bo estado, por iso **desde o BNG propoñemos que exista unha partida dedicada a mantemento.**

Co tema da limpeza, o PP non foi capaz en máis de 25 anos de mellorar este servizo. É cotián ver contedores cheos e sucios, lixo fóra dos recipientes, falta de papeleiras, etc. Tamén se bota en falta maior coidado das parroquias.

### Mala planificación: as consecuencias pagámolas tod@s



Outro dos grandes problemas que padece a veciñanza de Ribeira é a mala xestión do goberno do PP. Podemos ver como as obras faraónicas do mercado municipal (2,7 mill. €) ou a lonxa (15,7 mill. €) están a medio ocupar e contan con estancias baleiras de uso.

Tamén hai obras a medio facer como é o centro social de Carreira (317,000€).

### Cheiros da EDAR

Tema que merece ter un tratamento especial son os problemas que provoca a EDAR en diferentes puntos do municipio. O BNG ten denunciado xunto coa veciñanza; verteduras, cheiros e ruídos que provoca esta instalación, nomeadamente en Castiñeiras, Touro e Aguiño. Neste sentido, apoiamos as exixencias das veciñas e veciños e seguimos traballando e moi pendentes para que non se recepcione a obra até que non se solucionen todos os problemas.

### + transporte público

No BNG apostamos polo fomento do transporte público para mellorar a mobilidade entre parroquias e reducir os atascos. Unha das medidas que reiteramos é a necesidade de crear un bono con **viaxes a metade de prezo** para desempregad@s, mocidade, persoas maiores e con mobilidade reducida.

Do mesmo xeito, cremos que **Ribeira precisa unha estación de autobuses** no centro urbano que permita atender as necesidades actuais.

### + emprego

Coma nós, sabes que o PP é incapaz de crear chan industrial para as empresas que desexan ampliar ou asentarse aquí. En 25 anos de goberno foi incapaz de crear un só m<sup>2</sup>. Xa abonda de falsas promesas, toca traballar seriamente para crealo pero non de calquera xeito, querémolo con servizos (depuración, gardería...) e planificación (posibilidade de ampliación).

Outra das medidas que propoñemos é **aumentar a colaboración co comercio local** e hostalaría para aumentar a súa dinamización e potenciar a creación de emprego.

### + participación

Non pensas que debes decidir máis que cada 4 anos? No Bloque pensamos que as veciñas e veciños debedes poder dicir como e onde se gastan os cartos. Tamén cremos que tedes o dereito a serdes escoitados/as e informados/as. Propoñemos que unha parte dos orzamentos se destinen a onde cada parroquia considere máis necesario.

### + mantemento

Propoñemos que se destine unha **partida anual destinada a manter as instalacións** públicas, zonas recreativas e deportivas. Non queremos deixar esmorecer o patrimonio público, o de tod@s por iso antes de que se estrague queremos conservalo.

### + parroquias

No BNG apostamos por descentralizar as actividades que se programan. Todas as parroquias teñen dereito a ter programación cultural, deportiva e social. Por que as veciñas e veciños das parroquias non poden desfrutar de programación que encha de vida as parroquias? No Bloque cremos que é posíbel e queremos facelo posíbel.